

## Como se realiza a extracción, conservación e transporte do leite a doar?

Todas as doantes recibirán información oral e escrita sobre a extracción, conservación e transporte do leite. A extracción pódese realizar en casa ou no hospital (en caso de ter ao fillo ingresado). O leite extraído conxelárase inmediatamente e almacénase no domicilio **ata un máximo de 15 días**. O Banco de Leite non dispón de servizo de recollida polo que han de ser as doantes as que leven o leite ao Banco. O leite pódese entregar dentro do horario do Servizo de **Biberonería** onde se sitúa o BLV.

## Como contactar co Banco de Leite de Vigo?

O Banco de Leite atópase na segunda planta do bloque técnico do Hospital Alvaro Cunqueiro (vela D, Biberonería). Os horarios para entrevista son: martes-mércores e xoves en horario de 12 a 14h. Excepcionalmente poderase facerse a entrevista fora deste horario. É recomendable que se poña en contacto cos profesionais do banco de leite para informar da hora á que acudirá para a entrevista.

Para calquera aclaración, póñase en contacto connosco:  
Teléfono: **BLV 986825655/986825656**  
E-mail: **bancoleitevigo@sergas.es**

*No nome dos nenos hospitalizados, no dos seus pais e no noso propio  
Moitas grazas pola súa xenerosidade!!!*

**Doar leite salva vidas!**



## Queres ser doante de leite?

### Que é un banco de leite humano?

É un centro especializado onde o leite humano doado por nais seleccionadas recíbese, procesábase, almacénase e distribúese a nenos hospitalizados que non dispoñen de leite da súa nai.

### Cales son os obxectivos dos Bancos de Leite?

Proporcionar leite humano aos lactantes hospitalizados que carecen de leite da súa nai, especialmente prematuros e nenos enfermos, apoiar ás nais que queiran aleitar aos seus fillos co obxectivo final de promover a lactación materna.

### Que organismos internacionais apoian a existencia dos Bancos de Leite Humana?

A OMS, UNICEF e as Sociedades Científicas implicadas no coidado e alimentación dos nenos (Academia Americana de Pediatría, Sociedade Europea de Nutrición Pediátrica) establecen que cando non hai leite materno da propia nai, a doada é a mellor alternativa para nenos enfermos ou prematuros.

## **Por que é mellor o leite humano doado que a fórmula artificial?**

Porque se tolera mellor, protexe aos recentemente nados enfermos ou prematuros contra os problemas intestinais graves e diminúe o risco de infección ao fortalecer o sistema inmunitario dos lactantes hospitalizados que carecen de leite da súa nai, especialmente os máis prematuros.

## **É seguro o leite humano doado?**

Si, porque seguindo as recomendacións internacionais, selecciónanse as doantes con criterios rigorosos, se pasteuriza o leite e analízase para garantir a súa calidade.

## **Como é o Banco de Leite de Vigo (BLV)?**

Está vencellado ao Servizo de Neonatología do Hospital Álvaro Cunqueiro e é atendido por persoal especializado e dotado cos medios técnicos necesarios. O leite doado prescríbese por criterio médico aos nenos hospitalizados no noso centro ou noutros centros do Sur de Galicia aos que se distribúe regularmente leite materno doado. A dispensación é sempre gratuíta.

## **Quen pode ser doante de leite?**

Calquera muller que estea a aleitar ao seu fillo satisfactoriamente, sexa sa, leve un estilo de vida saudable e ademais queira doar leite de forma voluntaria e altruísta.

## **Que situacións contraindican a doazón de leite?**

O consumo de tóxicos (drogas, tabaco, alcol ou cafeína en exceso), a inxesta de certos medicamentos ou produtos de parafarmacia, algunhas infeccións, cirurxías ou transfusións de produtos sanguíneos recentes.

## **Que pasos hai que seguir para ser doante de leite?**

Basta con acudir ao Banco de Leite Humano para realizar unha entrevista na que a futura doante encherá e asinará unha enquisa de saúde e estilo de vida e un consentimento informado. Ademais hai que facerlle unha análise de sangue para descartar infeccións como VIH, hepatites ou sífilis. Para inscribirse como doante é preciso acudir co DNI e o cartón sanitario. Todos os datos das doantes serán tratados confidencialmente.

## **Cando é recomendable comezar a doazón?**

Unha vez que a lactación do seu fillo estea ben establecida; en xeral pasadas 3-4 semanas desde o parto.

## **Afectará a doazón á miña lactación?**

Non. O seu fillo non quedará sen leite aínda que a estea doando, ao contrario, o feito de que se extraia leite para doala aumentará a súa produción.

## **Hai que doar unha cantidade de leite mínimo?**

Non. Pode doar a cantidade de leite e durante o tempo que desexe. Prefírense as doazóns frecuentes e abundantes.